

# EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 03-05-2023 09:30 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

**Por favor, cubra os seus datos antes de  
comezar a responder:**

*Por favor, cubra os seus datos antes de comezar a  
responder:*

**Nome e apelidos**

*Nome e apelidos*

**DNI:**

**Sinatura:**

*Firma:*

**Exame de obtención do Certificado de Aptitude  
Profesional (CAP)**

**Mercadorías**

**03/05/2023**

**09:30 H**

**-GALEGO-**

**MODELO A**



**Dele la vuelta al cuaderno  
para disponer del examen en  
CASTELLANO**

# EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 03-05-2023 09:30 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

---

## 1. Que establece o convenio CMR?

- a) As condicións de realización dos transportes internacionais de mercadorías por estrada.
- b) As condicións de realización dos transportes internacionais de viaxeiros por estrada.
- c) A regulación do transporte internacional de mercadorías e de viaxeiros.
- d) Os sistemas de control policial na estrada.

## 2. Cal dos seguinte distintivos é o que está formado por un cadrado con fondo de cor branca e as siglas correspondentes ao tipo de vehículo autorizado en cor azul escura?

- a) Placa de vehículo lento.
- b) Distintivo de nacionalidade española.
- c) Distintivo de transporte de mercadorías perecedoiras.
- d) Placa de servizo público.

## 3. A forza que se opón ao avance dun camión a través do aire denomínase:

- a) resistencia por rozamento.
- b) resistencia aerodinámica.
- c) forza de molaridade.
- d) forza centrípeta.

## 4. A deriva do pneumático dun camión depende de:

- a) a presión de inflado do pneumático.
- b) a forza da atracción terrestre.
- c) a forza de gravidade.
- d) a forza submotriz.

## 5. Que se produce cando a velocidade angular ou de xiro da roda non coincide coa velocidade lineal do camión?

- a) O deslizamento.
- b) A deriva.
- c) O abalo.
- d) A guiñada.

## 6. De que factores depende o grao de rozamento nun camión?

- a) Da forza termotecnia lateral.
- b) Do centro de gravidade.
- c) Da porcentaxe de nitróxeno.
- d) Do estado e superficie da calzada.

## 7. En que pode converter a velocidade de xiro do cigüeñal, o condutor dun camión mediante a caixa de cambios, a través das diferentes relacións de engrenaxes?

- a) En aceleración do embrague.
- b) En distintas velocidades de xiro nas rodas.
- c) En enerxía potencial.
- d) En calor termodinámico.

## 8. Como se denomina á caixa de cambios?

- a) Caixa de velocidades.
- b) Caixa primaria.
- c) Caixa secundaria.
- d) Caixa de embrague.

# EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 03-05-2023 09:30 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

## 9. Que se debe facer para incrementar a seguridade?

- a) Tentar que a altura da carga no vehículo sexa o máis alta posible.
- b) Colocar as partes máis lixeiras da carga debaixo das partes máis pesadas.
- c) Distribuír a carga de maneira que quede o máis alta posible.
- d) Tentar que a altura da carga no vehículo sexa o máis baixa posible.

## 10. Un factor que pode afectar á estabilidade do vehículo é:

- a) a forza termotecnia lateral.
- b) a posición do centro de gravidade.
- c) a masa radial.
- d) a masa neta que se pode levantar.

## 11. Salvo disposición contraria dos estatutos, como poderán transmitirse as participacións sociais dunha sociedade de responsabilidade limitada?

- a) Libremente entre socios.
- b) Libremente a calquera persoa.
- c) Só se poden transmitir á sociedade quen, previa aceptación dos socios, as transmitirá a algún socio.
- d) Só se poden transmitir mortis causa.

## 12. As cooperativas de segundo grao estarán compostas, polo menos, por:

- a) 2 cooperativas.
- b) 8 cooperativas.
- c) 32 cooperativas.
- d) 128 cooperativas.

## 13. O capital social dunha sociedade que está dividido en participacións indivisibles e acumulables corresponde a unha sociedade:

- a) anónima.
- b) anónima laboral.
- c) de responsabilidade limitada.
- d) de garantía recíproca.

## 14. Que nome recibe a xunta xeral de socios que se convoca no primeiros seis meses do exercicio para aprobar as contas dunha sociedade anónima?

- a) Xunta ordinaria.
- b) Xunta extraordinaria.
- c) Xunta universal.
- d) Xunta de veciños.

## 15. Están exentos de autorización administrativa os transportes de mercadorías de carácter privado complementario realizados en vehículos de:

- a) ata 8 toneladas de Masa Máxima Autorizada.
- b) ata 4,5 toneladas de Masa Máxima Autorizada.
- c) ata 3,5 toneladas de Masa Máxima Autorizada.
- d) ata 7 toneladas de Masa Máxima Autorizada.

## 16. Que clases de autorizacións administrativas se outorgan para realizar transporte público interior de mercadorías?

- a) A que habilita para efectuar transporte con vehículos de Masa Máxima Autorizada non superior a 3,5 toneladas e a que habilita para efectualo con vehículos de Masa Máxima Autorizada superior a 3,5 toneladas.
- b) A que habilita para efectuar transporte con vehículos de Masa Máxima Autorizada non superior a 2 toneladas e a que habilita para efectualo con vehículos de Masa Máxima Autorizada superior a 2 toneladas.
- c) A que habilita para efectuar transporte con vehículos de Masa Máxima Autorizada superior a 2 toneladas, pois os vehículos de ata 2 toneladas non necesitan autorización.
- d) A autorización para empresarios individuais (autónomos) e a autorización para sociedades.

# EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 03-05-2023 09:30 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

**17. A efectos de obrigacións aduaneiras, cando nos referimos a exportación falamos de:**

- a) saída do territorio aduaneiro da Unión Europea de mercadorías da Unión.
- b) saída de mercadorías desde un Estado da Unión Europea con destino a outro Estado membro.
- c) intercambios de mercadorías dentro do territorio aduaneiro da Unión.
- d) intercambios de autorizacións bilaterais entre Estados.

**18. Desde que o vehículo foi posto ao dispor do cargador, en que prazo se efectuará a carga?**

- a) Nunha hora.
- b) En dúas horas.
- c) En tres horas.
- d) Non hai prazo.

**19. Como responderán os socios das débedas sociais nunha sociedade de responsabilidade limitada?**

- a) Responderán persoalmente.
- b) Non responderán persoalmente.
- c) Uns socios responderán persoalmente e outros non.
- d) Depende do importe da débeda.

**20. Nun contrato de transporte de mercadorías por estrada denomínase cargador a quen:**

- a) fai entrega das mercadorías ao transportista.
- b) contrata en nome propio a realización do transporte.
- c) efectúa materialmente a carga da mercadoría no vehículo, xa sexa en nome propio ou por conta dun terceiro.
- d) Nos contratos de transporte de mercadorías por estrada non existe a figura do cargador senón a do expedidor.

**21. A sobrecarga dalgún dos eixos dun camión**

- a) produce o efecto de descenso térmico de temperatura.
- b) provoca un aumento na distancia de detención.
- c) afecta positivamente nun aumento da tracción.
- d) reduce o efecto que provoca unha pendente descendente sobre a diminución da velocidade do vehículo.

**22. Cal dos seguintes transportes internacionais de mercadorías entre países integrados no sistema de autorizacións CEMT está liberalizado?**

- a) Os transportes de vehículos accidentados ou avariados.
- b) Os transportes de vehículos en camiións preparados para este fin.
- c) Os transportes de vehículos en camiións que non superen as 10 toneladas de Masa Máxima Autorizada.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

**23. A clasificación dos transportes de mercadorías por estrada en interiores e internacionais é unha clasificación en función de:**

- a) o seu obxecto.
- b) o seu ámbito.
- c) a súa natureza.
- d) o seu réxime xurídico.

**24. Salvo proba en contrario, cal dos seguintes se considerará prezo usual dun servizo de transporte?**

- a) O custo medio calculado polo Instituto Nacional de Estatística a partir das estatísticas de transporte.
- b) O custo medio calculado pola Comunidade Autónoma onde ten a súa orixe o transporte.
- c) O custo medio recollido para ese tipo de transporte no Observatorio de Custos.
- d) Calquera dos anteriores, a elección do transportista.

# EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 03-05-2023 09:30 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

---

**25. Que vehículos pode utilizar un operador loxístico para desenvolver a súa actividade?**

- a) Só os propios.
- b) Só os alleos.
- c) Tanto os propios como os alleos.
- d) Depende do ámbito territorial da súa actividade.

**26. A que número de revolucións se alcanza a potencia máxima dun motor?**

- a) Ao número de revolucións ás que vira o motor no momento de arrincalo.
- b) A baixas revolucións.
- c) A un número intermedio de revolucións.
- d) A un número de revolucións próximo ao máximo.

**27. Como se considera na normativa de transporte o exceso superior ao 50 % nos tempos máximos de condución diaria?**

- a) Falta leve.
- b) Falta grave.
- c) Falta moi grave.
- d) Delito.

**28. Como se denomina ao suceso causante dos danos previstos na póliza de seguro?**

- a) Risco.
- b) Prima.
- c) Tomador.
- d) Sinistro.

**29. Que é aconsellable no posto de condución?**

- a) Que a maioría dos elementos sexan axustables para poder alcanzar unha posición correcta.
- b) Que todos os elementos sexan ríxidos e sen posibilidade de regulación.
- c) Que só sexa regulable o asento de forma que se poida alcanzar correctamente o volante.
- d) Que só se poida regular o volante para adecualo á altura do condutor.

**30. Que período de validez ten a tarxeta de tacógrafo de condutor?**

- a) Cinco anos.
- b) Dous anos.
- c) Tres anos.
- d) A mesma validez que o permiso de conducir.

**31. Entre as vantaxes de realizar un mantemento preventivo está:**

- a) poder circular a máis velocidade.
- b) diminuír a resistencia ao aire.
- c) axustar o consumo de carburante.
- d) elevar a enerxía calorífica centrípeta.

**32. A cantidade de alcol ingerida e a rapidez coa que se tome, inflúen no nivel de alcol no sangue?**

- a) Si.
- b) Non.
- c) A cantidade ingerida si afecta, a rapidez non.
- d) Soamente a rapidez con que se tome o alcol inflúe.

# EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 03-05-2023 09:30 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

**33. As causas dos incendios nos vehículos adoitan estar relacionadas con:**

- a) circuitos eléctricos dos vehículos en mal estado.
- b) fugas de combustible.
- c) quecemento do motor.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

**34. A utilización adecuada da caixa de velocidades**

- a) debe evitar as turbulencias.
- b) mellora a velocidade, pero prexudica ao consumo.
- c) debe permitir que o motor xire sempre dentro da zona económica.
- d) prexudica á velocidade, pero mellora o consumo.

**35. A zona de máxima eficiencia do motor, zona económica**

- a) depende fundamentalmente da aerodinámica do vehículo.
- b) está especificada no contarrevolucións, xeralmente de cor vermella.
- c) está especificada no contarrevolucións, xeralmente de cor verde.
- d) depende fundamentalmente da MMA por eixo.

**36. Cales son os accidentes de tráfico máis frecuentes?**

- a) Aqueles nos que intervéñ un autobús.
- b) Aqueles nos que intervéñ un vehículo que transporta mercadorías.
- c) Aqueles nos que se produce unha colisión entre vehículos.
- d) Aqueles en os que intervéñ unha bicicleta.

**37. O sistema de freado ABS (antiblock brake system) é un elemento de seguridade:**

- a) activa e pasiva.
- b) activa.
- c) pasiva.
- d) Non se considera elemento de seguridade ao non ser obrigatoria a súa instalación nos vehículos.

**38. En caso de avaría ou mal funcionamento do tacógrafo dixital, o aparello será:**

- a) substituído nun máximo de 30 días.
- b) reparado nun máximo de 4 días.
- c) reparado tan pronto o permitan as circunstancias.
- d) Non é necesaria a súa reparación ata a próxima revisión periódica por ser un tacógrafo dixital.

**39. Para previr enfermidades cardiovasculares é moi recomendable:**

- a) o exercicio físico esporádico.
- b) o exercicio psíquico.
- c) o exercicio físico habitual.
- d) non facer ningunha clase de exercicio.

**40. Sinale a afirmación correcta.**

- a) O ralentizador hidráulico actúa sobre as válvulas de escape.
- b) O ralentizador hidráulico nunca é compatible co sistema de freos ABS.
- c) O ralentizador hidráulico pode actuar combinado co freo de servizo.
- d) O ralentizador hidráulico utiliza aire comprimido como enerxía.

# EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 03-05-2023 09:30 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

**41. Que elemento do motor transforma o movemento lineal alternativo do pistón en movemento xiratorio?**

- a) A árbore de levas.
- b) O cigüeñal.
- c) O cilindro.
- d) O segmento.

**42. Que son as enfermidades profesionais?**

- a) As contraídas como consecuencia do traballo.
- b) As relacionadas con problemas mentais.
- c) As relacionadas con problemas dos membros superiores.
- d) As producidas por accidentes con maquinaria industrial.

**43. Nos accidentes de traballo no transporte, que mala práctica está asociada directamente coa morte?**

- a) Deterioración da cabina ou do asento.
- b) Posturas inadecuadas durante a condución.
- c) Firme deficiente das estradas.
- d) Fugas de combustible.

**44. Unha doenza é considerada enfermidade profesional se:**

- a) a doenza é o suficientemente grave.
- b) a doenza non é moi grave.
- c) aparece incluída no cadro que aproban as autoridades sanitarias.
- d) a sofren os profesionais, non os afeccionados.

**45. Para a realización de actividades de transporte de mercadorías cun vehículo de 10 toneladas de Masa Máxima Autorizada, será necesaria previamente a obtención de:**

- a) un permiso de conducir.
- b) un certificado de condutor.
- c) unha autorización administrativa habilitante para a actividade de transporte.
- d) unha tarxeta de tacógrafo.

**46. Durante o transporte poden producirse toda unha serie de circunstancias que afectan ao normal desenvolvemento do mesmo. Que circunstancia pode considerarse como un incidente?**

- a) Choque frontal.
- b) Picada ou rebentón de pneumático.
- c) Envorcio parcial ou total do vehículo.
- d) Caída á auga do vehículo.

**47. Cal destas afirmacións non é correcta?**

- a) Os riscos de accidente non desaparecen ao baixar do vehículo.
- b) Débese manter a vixilancia ao realizar outras tarefas distintas da condución.
- c) Non debe extremarse a precaución nas operacións de carga e descarga.
- d) Hai que respectar en todo momento as normas e recomendacións de seguridade.

**48. Ante unha situación como a caída de carga sobre a vía, que actuacións deben realizarse?**

- a) Deberase apartar o vehículo para evitar que, xunto coa carga caída, acrecente o risco provocado.
- b) Deberase retirar ou apartar o obstáculo.
- c) Deberase deixar o máis limpa posible a calzada.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

# EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 03-05-2023 09:30 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

---

**49. Pódese usar a eslinga como elemento de suxeición da carga?**

- a) Non.
- b) Si.
- c) Só se é unha carga lixeira.
- d) Só se é unha carga pouco voluminosa.

**50. Para reducir o consumo de combustible, é preferible:**

- a) circular a un réxime de revolucións que permita utilizar o menor par motor posible.
- b) circular a un réxime de revolucións que permita utilizar o maior par motor posible.
- c) circular sempre en primeira velocidade.
- d) non utilizar a inercia do vehículo.

**51. Que datos deben figurar na declaración amigable de accidente?**

- a) Vehículos implicados.
- b) Condutores que interveñen.
- c) Lugar do accidente.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

**52. Que actuación se debe seguir ante unha conducción en condicións adversas para que sexa segura?**

- a) Procurar frear de forma brusca e acelerar de forma suave.
- b) Procurar frear e acelerar de forma suave.
- c) Procurar frear suave e acelerar de forma brusca.
- d) Procurar frear e acelerar de forma brusca.

**53. Cantas horas de conducción á semana pode facer, como máximo, un condutor segundo a regulamentación social europea?**

- a) 60 horas.
- b) 90 horas.
- c) 45 horas.
- d) 56 horas.

**54. Que é o Espazo Schengen?**

- a) Inclúe a todos os Estados membros da Unión Europea.
- b) Supón a libre circulación de persoas entre continentes.
- c) Un territorio sen controis fronteirizos internos dentro de Europa.
- d) Un espazo publicitario europeo.

**55. Co fin de loitar contra a delincuencia organizada e protexer a seguridade interior dos Estados membros do Espazo Schengen:**

- a) estableceuse o visado obrigatorio en todas as fronteiras interiores.
- b) adoptáronse medidas mellorando a cooperación e coordinación entre Policía e autoridades xudiciais das partes.
- c) limitouse substancialmente a posibilidade de libre circulación de persoas.
- d) prohibiuse o paso de delinquentes nas fronteiras interiores.

**56. No seu contacto cos clientes da empresa, que deberá ter en conta o condutor?**

- a) Dar un trato cortés aos clientes.
- b) Non atendelos de forma personalizada.
- c) Non debe dar información.
- d) Debe ter un trato frío e distante.



# EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 03-05-2023 09:30 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

**57. Cal é a finalidade da formación continua para a renovación do certificado de aptitude profesional (CAP)?**

- a) Avanzar na formación previa á obtención do permiso de conducir.
- b) Garantir un mantemento racional dos vehículos utilizados polos condutores.
- c) Outorgar o certificado de aptitude profesional (CAP).
- d) Profundar e revisar algunhas das materias impartidas nos cursos de formación inicial.

**58. Cal é a función principal do ralentizador eléctrico?**

- a) Evitar o efecto "fading".
- b) Facer que non se produza combustión algunha.
- c) Axustar a fiabilidade do embrague.
- d) Diminuír a resistencia termodinámica.

**59. É adecuado conducir frecuentemente na zona de revolucións que dan a potencia máxima dun vehículo?**

- a) Si, porque é a zona onde se produce un bo aproveitamento do motor.
- b) Si, porque é a zona onde se produce un mellor aproveitamento do combustible.
- c) Non, porque nesa zona os consumos son moi elevados.
- d) Non, porque entón se exceden os límites de velocidade.

**60. É obrigatorio un dispositivo indicador de velocidade no tacógrafo analóxico?**

- a) Si, en todos.
- b) Si, pero só nos modelos máis antigos.
- c) Non é obrigatorio.
- d) Si, pero só nos modelos máis modernos.

**61. Debe o disco-diagrama ou folla de rexistro do tacógrafo analóxico levar impresos os datos do fabricante?**

- a) Si, pero só se o disco é estándar.
- b) Si, é obrigatorio.
- c) Non.
- d) Si, pero só para discos mecánicos.

**62. Serve calquera tipo de folla de rexistro para todos os tacógrafos analóxicos?**

- a) Si, aínda que non estean homologadas.
- b) Non, as follas deben indicar para que modelos de tacógrafo están homologadas.
- c) Si, calquera folla, unha vez homologada, debe servir para todos os modelos.
- d) Si, mesmo para o tacógrafo dixital.

**63. Poden transferirse desde o tacógrafo os datos rexistrados nunha tarxeta de condutor?**

- a) Si, pero é necesario que a tarxeta estea inserida no tacógrafo.
- b) Non, aínda que estea inserida no tacógrafo.
- c) Só en determinadas marcas de tacógrafo.
- d) Só se se ten a clave de acceso.

**64. O condutor dun vehículo pesado, que tipo de sistema de freado utilizará ao baixar unha pendente pronunciada?**

- a) Primeiro actuará sobre o ralentizador e logo, se fose necesario, sobre o freo de servizo.
- b) Primeiro actuará sobre o freo de servizo e logo, se fose necesario, sobre o ralentizador.
- c) Indistintamente sobre o ralentizador ou sobre o freo de servizo, sempre que se actúe sobre os dous.
- d) Exclusivamente o freo de servizo.

# EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 03-05-2023 09:30 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

---

**65. O efecto "fading" prodúcese se se abusa:**

- a) do ralentizador hidrodinámico.
- b) do freo eléctrico.
- c) do freo no escape.
- d) do freo de servizo.

**66. Que sistema de freado actúa sobre a árbore de transmisión á saída do eixo secundario da caixa de velocidades?**

- a) As pastillas de freo.
- b) As zapatas de freo.
- c) O freo eléctrico.
- d) O freo de estacionamento.

**67. Que afecta o consumo de carburante dun automóbil con motor de combustión?**

- a) O tipo de bomba de alimentación: de membrana ou de émbolo.
- b) O tipo de buxías que monte: frías ou quentes.
- c) O material do que estea construída a carrocería.
- d) O mantemento do vehículo, as revolucións por minuto do motor e a relación de marchas seleccionada na caixa de velocidades.

**68. Para aforrar carburante é preferible utilizar:**

- a) marchas longas.
- b) marchas curtas.
- c) vehículos con caixas de cambio automático.
- d) unha relación de marchas que permita funcionar o motor a altas revolucións.

**69. Como se denomina o sistema que evita que as rodas se bloqueen durante as manobras de freado, co que se consegue un maior rendemento de freado, así como manter o control da dirección do vehículo?**

- a) EDS.
- b) ASR.
- c) ABS.
- d) Limitador de velocidade.

**70. Como se chama á enerxía que ten un vehículo en movemento?**

- a) Enerxía calorífica.
- b) Enerxía mecánica.
- c) Enerxía cinética.
- d) Enerxía eléctrica.

**71. Por razóns de seguridade, ao baixar pendentes descendentes cun vehículo pesado, é conveniente:**

- a) reter o vehículo facendo uso do freo de servizo e de estacionamento simultaneamente.
- b) parar o motor para aumentar o efecto do servofreno.
- c) utilizar o freo de servizo e, cando estea próximo a producirse o efecto "fading", facer uso do ralentizador.
- d) facer uso do ralentizador e, en caso necesario, do freo de servizo.

**72. As funcións previstas para as Xuntas Arbitrais do Transporte serán exercidas en relación con:**

- a) calquera medio de transporte.
- b) os transportes terrestres.
- c) os transportes marítimos e por estrada.
- d) os transportes por estrada, unicamente.

# EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 03-05-2023 09:30 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

## 73. As arbitraxes en materia de transportes:

- a) serán gratuítas.
- b) só serán gratuítas para o que obteña un laudo favorable.
- c) teñen o mesmo custo que un xuízo ordinario.
- d) Abonaranse os gastos a partes iguais entre demandante e demandado.

## 74. Que se entende por condución en condicións meteorolóxicas adversas?

- a) Aquela que se produce cun gran consumo de alcol.
- b) Aquela que se produce cunha evolución atmosférica adversa.
- c) Aquela prodúcese baixo os efectos dalgunha droga.
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

## 75. Na planificación da ruta, que debe ter en conta o condutor dun vehículo de transporte?

- a) Que non se supere a duración máxima dos tempos de descanso.
- b) Que non se supere a duración máxima dos tempos de condución.
- c) Que non se supere a duración máxima dos tempos de condución en máis dun 5 %.
- d) Que non se superen os períodos máximos de condución semanal en máis dun 10 %.

## 76. Entre os factores que inflúen no consumo de carburante dun vehículo pesado provisto dun motor de combustión atópase:

- a) o tipo de buxías que monte: frías ou quentes.
- b) o mantemento que se realice ao vehículo, o perfil da estrada e a aerodinámica do vehículo.
- c) o material do que estea construída a carrocería.
- d) o tipo de bomba de alimentación: de membrana ou de émbolo.

## 77. Que se pretende conseguir coa formación obrigatoria dos condutores adicional á do permiso de conducir?

- a) Que os condutores poidan responder ás novas esixencias orixinadas pola evolución do sector.
- b) Que os condutores respondan as esixencias dos empresarios en canto a horas de condución.
- c) Que as empresas obteñan máis beneficios.
- d) Que os Estados deixen de realizar inspeccións na estrada.

## 78. Cun vehículo moi cargado:

- a) aumenta o consumo de carburante.
- b) mellora o coeficiente aerodinámico.
- c) a distancia de freado diminúe.
- d) debe circularse moi lentamente.

## 79. Que dous aspectos en relación coas instalacións dunha empresa de transporte considéranse máis relevantes para a percepción da calidade dos seus servizos por parte dos seus clientes?

- a) A localización e a organización.
- b) O deseño e a modernidade.
- c) O estado de conservación e limpeza.
- d) A capacidade e a situación.

## 80. Para reducir o consumo de carburante dun automóbil é conveniente, cando se circule en chairo:

- a) manter o pedal do acelerador moi presionado.
- b) manter o pedal do acelerador pouco presionado.
- c) seleccionar unha relación de marchas que permita ao motor ir moi revolucionado.
- d) seleccionar unha relación de marchas o máis curta posible.

# EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 03-05-2023 09:30 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

**81. Para saber o momento adecuado no que se debe cambiar de marcha, e con iso reducir o consumo de carburante, o condutor dun vehículo pesado deberá ter en conta:**

- a) o coeficiente aerodinámico do vehículo.
- b) o tipo de ralentizador que monte o vehículo.
- c) o perfil da estrada.
- d) a anchura dos pneumáticos.

**82. Unha boa forma de aforrar carburante ao conducir un vehículo pesado é:**

- a) esperar co motor arrincado sen circular ata que alcance a temperatura adecuada de funcionamento.
- b) baixar as pendentas en punto morto.
- c) circular cunha presión de inflado dos pneumáticos inferior á recomendada polo fabricante.
- d) manter a agulla do contarrevolucións do motor na zona marcada, xeralmente, de cor verde.

**83. Coa redución da presión de inflado dun pneumático:**

- a) redúcese o consumo de carburante.
- b) auméntase o consumo de carburante.
- c) redúcese o consumo de carburante, pero auméntase a deriva do pneumático.
- d) auméntase o consumo de carburante aínda que diminúe a deriva do pneumático.

**84. A que altura deben axustarse os repousacabezas dun vehículo?**

- a) Por encima da parte posterior da cabeza.
- b) Por baixo da caluga do ocupante.
- c) Á mesma altura que a parte superior da cabeza.
- d) Á mesma altura que a parte posterior da cabeza.

**85. A velocidade, ten influencia no consumo de combustible do motor do seu vehículo?**

- a) Non, cando se circula dentro dos límites autorizados.
- b) Non, porque non ten influencia.
- c) Si, porque aumenta considerablemente a resistencia ao aire do vehículo.
- d) Só cando a velocidade supera os 100 quilómetros por hora.

**86. Que se entende por transporte intermodal?**

- a) O traslado dunha mercadoría no que intervéñen un modo de transporte.
- b) O traslado dunha mercadoría no que interveñen, simultaneamente, dous ou máis modos distintos de transporte sen manipulación da mercadoría nos intercambios de modo.
- c) O transporte dunha mercadoría no que interveñen, sucesivamente, dous ou máis modos distintos de transporte, con manipulación da mercadoría nos intercambios de modo.
- d) O transporte dunha mercadoría no que interveñen, sucesivamente, dous ou máis modos distintos de transporte, sen manipulación da mercadoría nos intercambios de modo.

**87. Cando se adiante a un ciclista nunha vía fóra de poboado, que se deberá ter en conta?**

- a) Que hai que adiantar moi rápido para pasalo canto antes.
- b) Que a separación lateral non debe ser inferior a 1,50 metros.
- c) Que a distancia lateral mínima debe ser de 5 metros.
- d) Que non se debe ocupar en parte ou a totalidade do carril continuo da calzada.

**88. Como se deberá proceder ao circular por tramos de estrada con xeo?**

- a) Utilizando marchas curtas.
- b) Acelerando de forma brusca.
- c) Utilizando marchas longas e acelerando lixeiramente.
- d) Utilizando marchas curtas e acelerando bruscamente.

# EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 03-05-2023 09:30 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

**89. Cando a presión do pneumático é inferior á recomendada:**

- a) o pneumático sofre deformacións, desgastándose máis no centro.
- b) o vehículo queda automaticamente bloqueado.
- c) o pneumático sofre deformacións, desgastándose máis nos bordos.
- d) o pneumático non sofre deformacións xa que só se producen se a presión é superior á recomendada.

**90. A choiva inflúe na perda de adherencia dos pneumáticos, cal é o momento no que hai que tomar máis precaucións?**

- a) Durante as primeiras pingas.
- b) Despois de choivas torrenciais.
- c) Cando a choiva sexa de intensidade media.
- d) No final da tormenta.

**91. Reducir a velocidade media de circulación, que vantaxes presenta?**

- a) Menor consumo, contaminación acústica e desgaste mecánico.
- b) Aumentar o coeficiente aerodinámico do vehículo e prolongar a vida do motor.
- c) Non ter que comprobar o nivel do líquido refrixerante xa que conducir desta maneira fai que o consumo de refrixerante sexa nulo.
- d) Aumentar a frecuencia da inspección técnica periódica e reducir os prazos de mantemento do vehículo.

**92. A inercia que posúe un vehículo en movemento:**

- a) non se pode aproveitar.
- b) é perigosa.
- c) só se pode aproveitar ao reducir de marcha.
- d) pódese aproveitar para aforrar carburante.

**93. O custo económico anual dos accidentes de tráfico valórase para os países de ingresos altos, como os da Unión Europea, nunha cifra ao redor do:**

- a) 0,2 % do PIB.
- b) 2 % do PIB.
- c) 7 % do PIB.
- d) 10 % do PIB.

**94. Que é o sistema EBS?**

- a) Un sistema de control electrónico de freos.
- b) Un sistema de información de consumo.
- c) Un sistema de axuda á dirección.
- d) Un sistema de depuración de gases.

**95. Cal non é un accidente laboral propio dos traballadores do sector do transporte?**

- a) Caída de persoas a distinto nivel.
- b) Exposición continuada a vibracións.
- c) Accidente de tráfico conducindo un vehículo particular.
- d) Golpes con ferramentas e outros obxectos.

**96. Cales son as funcións propias do xefe de tráfico dunha empresa de transporte de mercadorías por estrada?**

- a) Distribuír as ordes da ruta entre os condutores.
- b) Contratar os servizos cos clientes.
- c) Representar á empresa.
- d) Conducir os vehículos.

# EXAME DE OBTENCIÓN DO CAP

Data: 03-05-2023 09:30 h

Lugar: RÚA DE MADRID, 2

Exame: Mercadorías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

**97. En canto pode chegar a incrementar o consumo o vento en contra?**

- a) Apenas incide no consumo.
- b) Ata un 5 % cun vento de 36 km/h.
- c) Ata un 9 % cun vento de 36 km/h.
- d) Ata un 18 % cun vento de 36 km/h.

**98. Como se clasifican, entre outras, as estradas, segundo a normativa estatal?**

- a) Autoestradas e estradas convencionais.
- b) De nivel nacional e de nivel territorial.
- c) Multicarril e monocarril.
- d) Todas as respostas son correctas.

**99. Que pode producir unha derrapaxe do vehículo?**

- a) O uso brusco e inadecuado dos freos.
- b) Un mal estado dos amortecedores.
- c) Unha presión dos pneumáticos inferior á aconsellada.
- d) O mal uso dos retardadores.

**100. Respecto do traballo dos seus condutores, a dirección da empresa pode:**

- a) modificar o seu traballo.
- b) adxudicarlles tarefas.
- c) decidir a forma de prestación do traballo.
- d) Todas as respostas son correctas.

Preguntas de reserva (Só se corrixirán se o tribunal anula algunha das anteriores)
--

**101. No caso dun transporte efectuado en réxime de tránsito da Unión, como se pode prestar a garantía individual que se esixe?**

- a) Mediante depósito en metálico.
- b) Mediante compromiso subscrito por un fiador.
- c) Mediante peza constituída sobre as mercadorías.
- d) As respostas A e B son correctas.

**102. Que posición corresponde ao transporte terrestre e por tubaxe en número de accidentes mortais sufridos no conxunto de actividades económicas?**

- a) A terceira, só por detrás da construción e da rama de gandería, agricultura e caza.
- b) A segunda, só por detrás da construción de edificios.
- c) A primeira.
- d) É un dos sectores coa sinistralidade máis baixa.

**103. Nunha alimentación equilibrada, é recomendable moderar o consumo de:**

- a) froitas.
- b) verduras.
- c) hortalizas.
- d) carnes graxas.

## EXAMEN DE OBTENCIÓN DEL CAP

Examen: Mercancías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

Fecha: 03-05-2023 09:30 h  
Lugar: RUA DE MADRID, 2

**97. ¿En cuánto puede llegar a incrementar el consumo el viento en contra?**

- a) Apenas incide en el consumo.
- b) Hasta un 5 % con un viento de 36 km/h.
- c) Hasta un 9 % con un viento de 36 km/h.
- d) Hasta un 18 % con un viento de 36 km/h.

**98. ¿Cómo se clasifican, entre otras, las carreteras, según la normativa estatal?**

- a) Autopistas y carreteras convencionales.
- b) De nivel nacional y de nivel territorial.
- c) Multicarriil y monocarriil.
- d) Todas las respuestas son correctas.

**99. ¿Qué puede producir un derrape del vehículo?**

- a) El uso brusco e inadecuado de los frenos.
- b) Un mal estado de los amortiguadores.
- c) Una presión de los neumáticos inferior a la aconsejada.
- d) El mal uso de los retardadores.

**100. Respecto del trabajo de sus conductores, la dirección de la empresa puede:**

- a) modificar su trabajo.
- b) adjudicarle tareas.
- c) decidir la forma de prestación del trabajo.
- d) Todas las respuestas son correctas.

Preguntas de reserva (Solo se corregirán si el tribunal anula alguna de las anteriores)

**101. En el caso de un transporte efectuado en régimen de tránsito de la Unión, ¿cómo se puede prestar la garantía individual que se exige?**

- a) Mediante depósito en metálico.
- b) Mediante compromiso suscrito por un fiador.
- c) Mediante prenda constituida sobre las mercancías.
- d) Las respuestas A y B son correctas.

**102. ¿Qué posición corresponde al transporte terrestre y por tubería en número de accidentes mortales sufridos en el conjunto de actividades económicas?**

- a) La tercera, solo por detrás de la construcción y de la rama de ganadería, agricultura y caza.
- b) La segunda, solo por detrás de la construcción de edificios.
- c) La primera.
- d) Es uno de los sectores con la siniestralidad más baja.

**103. En una alimentación equilibrada, es recomendable moderar el consumo de:**

- a) frutas.
- b) verduras.
- c) hortalizas.
- d) carnes grasas.

## EXAMEN DE OBTENCIÓN DEL CAP

Examen: Mercancías Modelo A

Duración: 120 MINUTOS

Fecha: 03-05-2023 09:30 h  
Lugar: RUA DE MADRID, 2

- 89. Cuando la presión del neumático es inferior a la recomendada:**
- a) el neumático sufre deformaciones, desgastándose más en el centro.
  - b) el vehículo queda automáticamente bloqueado.
  - c) el neumático sufre deformaciones, desgastándose más en los bordes.
